



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 247

VIII lexislatura

8 de xuño de 2010

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

— Informe de fiscalización do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2007 (08/ICON-0003-36716) [71582](#)

— Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2009 (08/MCON-0003-36716) [71584](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

3.8.1. Memoria anual do Consello de Contas e Informe de fiscalización das contas do sector público da Comunidade Autónoma

Informe de fiscalización do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económico de 2007

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do 7 de xuño de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 08/ICON-0003(36716)

Consello de Contas de Galicia

Memoria do Consello de Contas correspondente ao ano 2009 e Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao exercicio 2007

A Mesa, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1.º- A cualificación e admisión a trámite do Informe de fiscalización sobre as contas rendidas en 2009 correspondentes ao exercicio 2007, aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia e remitido a este Parlamento en cumprimento do disposto nos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 62 do seu Regulamento de réxime interior (doc. núm. 36716).

2.º- A totalidade do informe presentado remítuselles aos grupos parlamentarios e un exemplar atópase á disposición no Rexistro Xeral da Cámara e na páxina web do Consello de Contas, para exame e consulta das persoas interesadas.

3.º- O Informe de fiscalización consta dos seguintes documentos:

Tomo I: Declaración definitiva sobre o exame e a comprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2007.

Tomo II: Contratación administrativa da Administración xeral e da confinanciada con fondos europeos: Medida 3.3 do POI GALICIA, exercicio 2006.

Tomo III: Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), exercicio 2007.

Tomo IV: Fondos procedentes da Unión Europea, exercicio 2007.

Tomo V: Conta xeral do Sergas, exercicio 2007.

Tomo VI: Actividade extraordinaria (autoconcertación) nos hospitais públicos do Sergas, exercicio 2007.

Tomo VII: Actividade de diagnóstico por imaxe mediante tomografía e resonancia magnética, exercicio 2007.

Tomo VIII: Actividade concertada do Sergas, exercicio 2007.

Tomo IX: Contratación de servizos xerais nos hospitais do Sergas, exercicio 2007.

Tomo X: Informe xeral de confrarías de pescadores de Galicia, exercicio 2006-2007.

Tomo XI: Informes correspondentes aos exercicios 2006-2007 das seguintes confrarías de pescadores de Galicia: Camariñas, Cambados, Cedeira, Corcubión, O Grove, Malpica e Ribadeo.

Tomo XII: Actividade económica-financeira das entidades públicas dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma, exercicio 2007.

Tomo XIII - Vol. 1: Conta xeral das entidades locais, exercicio 2007.

Tomo XIII - Vol. 2: Conta xeral das entidades locais, exercicio 2007.

Tomo XIV - Vol. 1: Conta xeral das entidades locais, exercicio 2007.

Tomo XIV - Vol. 2: Conta xeral das entidades locais, exercicio 2007.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Memoria de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2009

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 7 de xuño de 2010, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 08/MCON-0003 (36716)

Consello de Contas de Galicia

Memoria do Consello de Contas correspondente ao ano 2009 e Informe de fiscalización sobre o sector público de Galicia correspondente ao exercicio 2007

A Mesa, por unanimidade, adopta os seguintes acordos:

1.º- A cualificación e admisión a trámite da Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2009, aprobada polo Pleno do Consello

de Contas de Galicia e remitida a este Parlamento en cumprimento do disposto nos artigos 19, 20 e 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, e no artigo 62 do seu Regulamento de réxime interior (doc. núm. 36716).

2.º- A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

A Memoria consta dos seguintes documentos:

- Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio 2009.

- Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2009.

- Informe sobre contas rendidas en 2009 correspondentes ao exercicio 2008.

A totalidade da memoria presentada remitiúselles aos grupos parlamentarios e un exemplar atópase á disposición no Rexistro Xeral da Cámara e na páxina web do Consello de Contas, para exame e consulta das persoas interesadas.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2010


Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2009

Consello de Contas
de Galicia



ÍNDICE

MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2009	5
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2009	6
1. INTRODUCCIÓN	6
2. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.	6
3. FUNCIÓN FISCALIZADORA.	11
4. DESENVOLVEMENTO DOS SERVICIOS.	14
4.1 PERSOAL.....	14
4.2 FORMACIÓN.....	15
4.3 BIBLIOTECA E ARQUIVO.....	16
4.4 SERVIZO DE INFORMÁTICA.....	19
4.4.1 PROXECTOS DE SUMINISTROS.....	20
4.4.2 PROXECTOS DE SISTEMAS.....	20
4.4.3 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO.....	21
5. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL.....	22
6. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA.....	23
6.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EJERCICIO 2009.....	23
6.1.1 CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.....	23
6.1.2 OBRIGAS E PAGAMENTOS.....	24
6.2 EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EJERCICIO 2009	26
6.2.1 PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN	26



MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2009

En cumprimento do previsto no artigo 20 da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas e do artigo 63 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2009 composta polos seguintes documentos:

DOCUMENTOS	
- Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2009. - Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2009. - Informe sobre contas rendidas en 2009 correspondentes ao exercicio 2008.	
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
Tomo I	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da conta xeral da comunidade autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2007.
Tomo II	Contratación Administrativa da Administración Xeral e da Cofinanciada con Fondos Europeos: Medida 3.3. do POI GALICIA, ex. 2006.
Tomo III	Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), ex. 2007
Tomo IV	Fondos procedentes da Unión Europea, ex. 2007
Tomo V	Conta Xeral do Sergas, ex.2007
Tomo VI	Actividade Extraordinaria (Autoconcertación) nos Hospitais Públicos do Sergas, ex. 2007
Tomo VII	Actividade de Diagnóstico por Imaxe mediante Tomografía e Resonancia Magnética, ex. 2007
Tomo VIII	Actividade Concertada do Sergas, ex. 2007
Tomo IX	Contratación de Servizos Xerais nos Hospitais do Sergas, ex. 2007
Tomo X	Informe Xeral de Confrarías de Pescadores de Galicia, ex. 2006-2007
Tomo XI	Informes correspondentes aos exercicios 2006-2007 das seguinte Confrarías de Pescadores de Galicia: Camariñas, Cambados, Cedeira, Corcubión, O Grove, Malpica, Ribadeo.
Tomo XII	Actividade Económico-Financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2007
Tomo XIII. Vol. 1	Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIII. Vol. 2	Conta Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIV Vol. 1	Informe Xeral das Entidades Locais, ex. 2007
Tomo XIV Vol. 2	Informe Xeral das Entidades Locais, ex. 2007

Non se xunta informe sobre actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Cuentas previsto na letra e) apartado 2 do artigo 63 do Regulamento ao non terse producido ningunha delegación de dito tribunal nese senso e por tanto non ter realizado o Consello de Contas ningunha actividade ao respecto en 2009.

Asimesmo, foi presentado ao Parlamento de Galicia, o Informe de Fiscalización sobre as Eleccións ao Parlamento de Galicia do un de marzo de 2009.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2009

1. INTRODUCCIÓN

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 que regula a súa organización e funcionamento foi modificada posteriormente pola Lei 4/1986, do 26 de decembro. O Tribunal Constitucional na súa Sentencia 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou entre outras cuestións que as competencias do Consello de Contas en materia de axuizamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Cuentas.

Por Acordo de 2 de xuño de 1992 da Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas do Parlamento de Galicia aprobou o Regulamento de Réxime Interior da institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das súas actividades produciuse o primeiro de marzo de 1991, ao tomaren posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados ós tres anos, isto é en xullo de 1994, para así poder axusta-los nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1995, 1997, 2000, 2003, 2007 e 2009 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

2. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.

A composición orgánica do Consello de Contas foi establecida polo art. 6 da citada Lei 6/1985. Segundo o disposto no mesmo, son órganos da Institución o Pleno, o Conselleiro Maior, a Comisión de Goberno, as Seccións de Fiscalización e Axuizamento e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos figuran detalladas nos artigos comprendidos entre os números 7 e 11 do antedito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización e axuizamento xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento no caso das Seccións; de administración e réxime interno no da Comisión de Goberno. Pola súa banda, as atribucións do Conselleiro Maior, están referidas á representación institucional, presidencia do Pleno e da Comisión de Goberno, convocatorias das súas sesións e outras en orde á xestión interna

(exerce-la xefatura superior de persoal, ordenación de gastos y pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras). A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

Durante o exercicio 2009 produciuse o nomeamento de tres novos membros da Institución. Don Xesús C. Palmou Lorenzo tomou posesión o 29 de maio, substituíndo a don Pedro Puy Fraga que renunciou ao seu cargo para presentarse como candidato a deputado nas Eleccións ao Parlamento de Galicia do 1 de marzo de 2009, e asumindo a condición de Presidente da Sección de Axuizamento con data 5 de novembro de 2009, e como tal, incorporándose como membro da Comisión de Goberno.

O catro de novembro tomaron posesión don Ramón J. Núñez Gamallo y don José Antonio Orza Fernández, en substitución de don Francisco J. Constenla Acasuso y de don Xoaquín Álvarez Corbacho, ámbolos dous por esgotamento do seu mandato, quedando adscritos dende ese momento ás Seccións de Fiscalización e de Axuizamento.

A 31 de decembro de 2009, a composición do Pleno é a seguinte:

Presidente:	Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz
Vocais:	Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto
	Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
	Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
	Excmo. Sr. D. José Antonio Orza Fernández
Secretario:	Ilmo. Sr. D. Ulpiano L. Villanueva Rodríguez

Á mesma data, a Comisión de Goberno está integrada polos seguintes membros:

Presidente:	Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz
Vocais:	Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto
	Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
Secretario:	Ilmo. Sr. D. Ulpiano Villanueva Rodríguez

No exercicio 2009 a actividade dos órganos colexiados queda reflectida no seguinte cadro.

ÓRGANOS COLEXIADOS	Nº DE SESIÓN
Comisión de Goberno	12
Pleno	9
Sección de Fiscalización	8
Sección de Axuizamento	
Total Sesións	29

Por acordo do Pleno os Conselleiros quedan adscritos ás áreas do seguinte xeito:

- Área de Coordinación Xeral: Excmo. Sr. D. Antonio López Díaz
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
- Área do Sergas: Excmo. Sr. D. José Antonio Orza Fernández
- Área Institucional: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
- Área de Corporacións Locais: Excmo. Sr. D. Luciano Fariña Busto

A actividade do Consello de Contas no exercicio 2009 deu lugar ao seguinte movemento de documentos dende e para a Institución.

Entrada de documentos: 2.894


Saída de documentos: 2.162

Xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento da sección de fiscalización e axuízamento, e outro da administración en xeral.






ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DECEMBRO DE 2009



O Secretario Xeral é secretario dos órganos colexiados e, xunto co Letrado Maior asisten aos distintos órganos do Consello de Contas.
Os conselleiros de contas dispoñen dunha secretaría (persoal eventual).

ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN







3. FUNCIÓN FISCALIZADORA.

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración Autonómica e as entidades locais, así como os seus organismos autónomos e empresas dependentes, as cámaras agrarias, da propiedade, de comercio, industria e navegación, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente. A Lei de Galicia 10/1996, somete á fiscalización do Consello ás fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade polas entidades da Comunidade Autónoma mencionadas ou ás que os seus ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade, sempre que nos seus órganos de goberno ou dirección formen parte representantes da comunidade autónoma.

Como órgano estatutario que emana do Parlamento de Galicia o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio ou a petición do Parlamento de Galicia ou por delegación do Tribunal de Cuentas ou do Tribunal de Cuentas Europeo cos que ademais poida colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, as subvencións, créditos, axudas, avais, e exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados, todo elo con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten ademais encomendado a emisión de ditames e consultas que en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira lle soliciten as institucións e os entes públicos.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse ben a iniciativa do propio Consello de Contas que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, ou ben a iniciativa deste último.

Os informes poden ser de dous tipos: de regularidade e operativos. Nos informes de fiscalización de regularidade verifícase o cumprimento da legalidade das contas anuais do ente fiscalizado mentres que nos informes de fiscalización operativos analízase a eficacia ou grado de cumprimento de obxectivos, a eficiencia ou relación entre medios empregados e resultados, e a economía, ademais doutros posibles aspectos como a equidade, ecoloxía, etc. Pódese dar o caso de que un informe de fiscalización sexa integral: (de regularidade e operativo) ou pode ser sectorial (persoal, contratación, subvencións, etc).

Os informes, na fase anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométese a alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un proxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización que acorda o seu pase

Memoria de Actividades 2009

ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas e ao Tribunal de Cuentas.

A continuación recóllense nun cadro os datos do trámite seguido nos informes.

INFORME	TRÁMITE					
	REMATE TRABALLO DE CAMPO	APROBACIÓN ANTEPROX. SECC. FISCALIZACIÓN	ENVÍO ALEGACIÓNS	RECEPCIÓN ALEGACIÓNS	APROBA. PROXECTO INFORME SECC. FISCALIZACIÓN	APROBACIÓN INFORME PLENO
Conta Xeral da Comunidade Autónoma	1/10/09	15/01/10	20/01/10	24/02/10	8/04/10	27/04/10
Contratación Administrativa da Administración Xeral e da Cofinanciada con Fondos Europeos 3.3 POI Galicia	15/01/10	5/03/10	10/03/10	16/04/10	12/05/10	12/05/10
Fondos Europeos	19/01/10	22/01/10	26/01/10	2/03/10	8/04/10	27/04/10
Fondos de Compensación Interterritorial	30/11/09	22/01/10	26/01/10	2/03/10	8/04/10	27/04/10
Informe Xeral de Confrarías de Pescadores de Galicia	6/10/09	15/01/10	2/02/10	5/02/10 ⁽¹⁾	8/04/10	27/04/10
Informes Específicos das Confrarías de Pescadores de: Camariñas, Cambados, Cedeira, Corcubión, O Grove, Malpica e Ribadeo	⁽²⁾	15/01/10	2/02/10	Non houbo	8/04/10	27/04/10
Actividade económico-financeira Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da C.A.	29/01/10	5/03/10	10/03/10	Non houbo	8/04/10	27/04/10
Conta Xeral do Sergas	15/12/09	22/01/10	3/02/10	12/03/10	8/04/10	27/04/10
Actividade Extraordinaria (Autoconcertación) nos hospitais públicos do SERGAS	30/11/09	15/01/10	3/02/10	12/03/10	8/04/10	27/04/10
Actividade de diagnóstico por imaxe mediante tomografía e resonancia magnética	30/11/09	15/01/10	3/02/10	12/03/10	8/04/10	27/04/10
Actividade Concertada do Sergas	15/12/09	22/01/10	3/02/10	3/02/10	8/04/10	27/04/10
Contratación de servizos xerais nos hospitais do SERGAS	15/12/09	22/01/10	3/02/10	3/02/10	8/04/10	27/04/10
Conta Xeral das Corporacións Locais					8/04/10	12/05/10
Informe Xeral sobre Corporacións Locais					8/04/10	12/05/10

⁽¹⁾Recibiuse unicamente unha alegación procedente da Confraría de Carreira e Aguiño

⁽²⁾

Confraría	Cambados	Camariñas	Cedeira	Corcubión	O Grove	Malpica	Ribadeo
Data	26/06/08	4/05/09	20/03/09	22/12/08	29/05/09	18/02/09	20/01/09

O 29 de xaneiro de 1993, o Consello de Contas presentou ao Parlamento de Galicia o seu primeiro informe de fiscalización do sector público galego, referente ao exercicio 1990.

Dende 1993 á data actual, o Consello de Contas de Galicia ven presentando de forma ininterrompida ao Parlamento de Galicia os informes de fiscalización de cada exercicio.

O 29 de xullo de 2009 presentouse no Parlamento de Galicia a Memoria de Actividades e as contas da Institución correspondentes ao exercicio 2008, estando integrada polos seguintes documentos:

DOCUMENTOS	
- Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2008. - Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2008. - Contas rendidas en 2008 ao Consello de Contas pola Administración Autonómica, Entes Públicos, Universidades, Organismos Autónomos, Sociedades Públicas, Confrarías de Pescadores e Fundacións correspondentes ao exercicio 2007 de fiscalización.	
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
Tomo I Vol. 1	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da conta xeral da comunidade autónoma e Conta Xeral da C.A. ex. 2006
Tomo I Vol. 2	Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. ex. 2006
Tomo II	Axudas a Federación e Clubs Deportivos ex. 2002-2005
Tomo III	Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) ex. 2006
Tomo IV	Fondos procedentes da Unión Europea ex. 2007
Tomo V Vol. 1	Conta Xeral do Servizo Galego de Saúde. Informe de Xestión ex. 2006
Tomo V Vol. 2	Conta xeral do Servizo Galego de Saúde. Informe Económico-Financeiro ex. 2006
Tomo VI	Concerto Sanitario co Hospital POVISA S.A. ex. 2006
Tomo VII	Área de Contratación do Sergas ex. 2006.
Tomo VIII	Adquisición de Implantes Cirúrxicos polo SERGAS ex. 2007. Anexo comparativo coas Comunidades Autónomas de Andalucía e Cataluña
Tomo IX	Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) ex. 2006
Tomo X	Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC) ex. 2006
Tomo XI	Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ex. 2006
Tomo XII Vol.1	Disciplina Urbanística. Informe Agregado ex. 2005-2006
Tomo XII Vol.2	Disciplina Urbanística (Ares-Cedeira) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol.2	Disciplina Urbanística (Cee-Miño) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol.3	Disciplina Urbanística ((Moaña-Porto do Son) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol.3	Disciplina Urbanística ((Redondela-Xove) ex. 2005-2006
Tomo XIII Vol. 1	Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIII Vol. 2	Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIV Vol. 1	Informe Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIV Vol. 2	Informe Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006

Os informes de fiscalización comprendidos na presente Memoria 2009, correspondentes ao exercicio 2007, atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Neste enderezo recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia dende o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso pórse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a consulta do mesmo.

4. DESENVOLVEMENTO DOS SERVICIOS.

4.1 PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo do Consello de Contas de Galicia, aprobada polo Acordo Plenario de data 05.10.2005 e publicada no DOG nº 6 de 10.01.2006 con data de efectos de 01.01.2006, non sufriu modificacións durante o ano 2009.

Ao longo do exercicio 2009 resolvéronse os seguintes procedementos de libre designación para cubrir as prazas deixadas vacantes polo cesamento dos seus titulares:

DATA CONVOCATORIA	DATA RESOLUCIÓN	DENOMINACIÓN	Nº
03.04.2009 (DOG nº 68 do 08.04.2009)	04.05.2009 (DOG nº 89 do 08.05.2009)	Auxiliar-Admvo nivel 16	1

A estrutura do cadro de persoal resultante do exercicio, a 31 de decembro de 2009, é a seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO	DOTADAS ORZAMENTAR.	OCUPADAS	VACANTES
Auditor N. 30	10	10	0
Interventor	1	1	0
Letrado Maior N30	1	1	0
Letrado N 28	1	1	0
Auditor N. 28	5	4	1
Xefe Servizo Informática	1	1	0
Xefes de Sección	3	3	0
Técnico de Informática	1	1	0
Técnicos de Auditoría	20	19	1
Axudantes de Auditoría	15	13	2
Axudante Arquivo e Biblioteca	1	1	0
Administrativo de Informática	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30)	2	2	0
Auxiliar-Admvo., nivel 16	16	7	9*
TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	79	66	13

* 9 Prazas ocupadas por persoal interino



PERSOAL LABORAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	DOTADAS ORZAMENTAR.	OCUPADAS	VACANTES
Conductor de Alto Cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno	1	1	0
TOTAL PERSOAL LABORAL	8	8	0

PERSOAL EVENTUAL			
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABAJO	DOTADAS ORZAMENTAR.	OCUPADAS	VACANTES
Asesor	2	0	2
Técnico Asesor	1	0	1
Secretaria/o	5	5	0
TOTAL PERSOAL EVENTUAL	8	5	3

Por outra banda, no referente á negociación colectiva e a representación e participación do persoal, ademais da publicación no BOP da Coruña nº 38, do 16 de febreiro de 2009, do III Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Institución, o día 15 de decembro do 2008 constituíuse a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia, que ao longo de todo o ano 2009 veu mantendo reunións coa representación da Institución co obxecto de acadar un acordo xeral sobre as condicións de traballo do persoal funcionario.

4.2 FORMACIÓN

No eido da formación, o Consello de Contas continúa co desenvolvemento de actividades de formación para o persoal ao seu servizo, mediante a colaboración da Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público (FIASEP), da que é membro de pleno dereito do seu Consello Superior de Actividades.

Dita formación plásmase mediante a realización de cursos a medida e on line, que permiten un perfeccionamento e reciclaxe continuo do persoal da Institución.

No seguinte cadro reflíctense os cursos realizados polo persoal no exercicio 2009.

Cursos realizados en 2009

CURSO	Nº PARTICIPANTES
SUPOSTOS NOS QUE SE PODE INCURRIR EN RESPONSABILIDADE CONTABLE	3
A APLICACIÓN PRÁCTICA DA NOVA LEI DE CONTRATOS	3
PRIMEIRAS XORNADAS SOBRE CONTROL E AUDITORÍA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL	14
PLAN XERAL CONTABLE PRIVADO	11
A CONTABILIDADE PÚBLICA E ORZAMENTARIA	6
A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DAS ENTIDADES LOCAIS: O CONTROL DA DÉBEDA E A APLICACIÓN DO REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI DE ESTABILIDADE	1
ACCESO AOS DOCUMENTOS PÚBLICOS	1
O DOCUMENTO ELECTRÓNICO: NORMAS E BOAS PRÁCTICAS	2
ACCESIBILIDADE ÁS PÁXINAS WEB E AOS SEUS CONTIDOS	2
BÁSICO DE TECNOLOXÍAS XML	2
ADOBE ACROBAT E FORMATO PDF	2
INICIACIÓN AO DESEÑO DE REDES DE COMUNICACIÓN TCP/IP	2
MICROSOFT OFFICE SHAREPOINT SERVER (MOSS)	2
PLATAFORMA DE MONITORIZACIÓN BASADA EN SOFTWARE LIBRE NAGIOS	2
TOTAL	53

Por outra banda, aboáronse as matrículas e os gastos de asistencia a diversos simposios, congresos, encontros técnicos e cursos, fundamentalmente no eido das funcións fiscalizadoras da institución, que a institución considerou de interese para a formación do seu persoal.



4.3 BIBLIOTECA E ARQUIVO.

A Sección de Arquivo e Biblioteca constitúe unha unidade de apoio ás tarefas de control específicas do Consello de Contas de Galicia. A súa función é a xestión dos recursos de información na súa triple dimensión: información que se produce no exercicio da actividade institucional (documentación de arquivo); información externa, precisa para a realización de tarefas administrativas e de control (recursos bibliográficos e documentais) e a información pública da organización (publicacións institucionais).

Para o desenvolvemento das súas funcións propias dun servizo de Biblioteca, realiza actividades de carácter técnico, de tratamento da información, e tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os de localización e adquisición de fondos e documentos, e as que teñen como obxecto o control do recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao

catálogo automatizado da biblioteca. Os datos que resumen o seu desempeño neste sentido son os seguintes:

Rexistros catalogados 2009

MONOGRAFÍAS NOVO INGRESO	PUBLICACIÓNS SERIADAS	EXEMPLARES PUBLICA SERIADAS	ANALÍTICAS DE PERIÓDICAS E MONOGRAFICAS	TOTAL
520	14	467	680	1.681

Ademais do catálogo automatizado, ao que os usuarios internos da Biblioteca poden acceder dende os seus despachos grazas ao módulo de consulta en liña OPAC, o persoal da Biblioteca presta servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais.

Os datos recollidos no seguinte cadro, evidencian esta actividade de servizo da Biblioteca:

Servizos aos usuarios 2009

	NÚMERO DE SOLICITUDES	NÚMERO DE ÍTEMS
Préstamo a domicilio	553	553
Préstamo interbibliotecario	2	2
Acceso ao documento	75	522 copias 14 arquivos electrónicos

No ano 2009 o Servizo de Informática e a Sección de Arquivo e Biblioteca desenvolveron un proxecto de Intranet Institucional co obxectivo de dotar ao Consello de Contas dun portal no que se puidesen canalizar e integrar os recursos de información necesarios para as actividades do seu persoal.

A intranet, que comezara a deseñarse no último trimestre de 2008, tiña a mediados do mes de marzo de 2009 plenamente operativos os contidos das áreas de informática e biblioteca. Posteriormente incorporáronse contidos da Sección de Persoal e outros contidos xerais de interese para o traballo das áreas de fiscalización.

Co propósito final de promover unha cultura institucional máis transparente e colaborativa e dar cobertura a tódolos servizos e áreas, o proxecto configurouse cun modelo descentralizado, no que as propias unidades produtoras da información se responsabilizan da incorporación e actualización dos seus propios contidos.

Os obxectivos finais propostos no desenvolvemento do proxecto foron:

- Dar a coñecer proxectos e recursos pouco coñecidos.

- Facilitar o acceso aos recursos informativos existentes na Institución e que poden estar sendo pouco utilizados.
- Facilitar o traballo do persoal mediante unha única ferramenta que constitúa un escritorio de traballo institucional ou persoal, cómodo e sinxelo.
- Iniciar un proceso de “formación informativa” na medida en que a posta en marcha e mantemento da Intranet nos debe facer repensar o noso modo de traballar coas tecnoloxías (correo electrónico, estruturación de carpetas, carpetas compartidas, etc.).

A Sección de Arquivo e Biblioteca centraliza os seus recursos bibliotecarios nunha sección específica da Intranet que inclúe os seguinte apartados:

- Información xeral da Biblioteca – Catálogo – Boletín da Biblioteca - E-Biblioteca - Servizos- Taboleiro

Ademais responsabilízase do mantemento, no apartado xeral de Fiscalización, dos contidos relativo á prensa e documentación no que se recollen artigos de opinión, normativa, material de formación, e outros moitos recursos informativos de gran interese para o persoal de auditoría.

Para a Biblioteca a Intranet constitúe un portal moi útil e necesario porque fai máis visibles os seus recursos e servizos, integra información interna e externa, facilitando que os servizos bibliotecarios se poidan converter nunha ferramenta operativa para o traballo diario do persoal da Institución. Cun simple clic do noso rato desde o noso posto de traballo, a intranet nos permite:

- Acceder a tódolos recursos e servizos da Biblioteca
- Acceder máis facilmente a recursos de información virtual

Os servizos de referencia e difusión da información, que normalmente se prestaban mediante o correo electrónico: boletín da Biblioteca, boletíns de novidades xurídicas, de información de recursos web, ou alertas informativas, como as alertas subscritas co servizo Dialnet, canalízanse a partir do segundo trimestre do 2009 por medio da Intranet Institucional. As vantaxes son claras: todos os contidos de información da Biblioteca están dispoñibles para todo o persoal da institución a tempo completo; evítanse as saturacións ou os posibles problemas de xestión do correo electrónico persoal que podía ocasionar o sistema anterior de difusión; a información está organizada e estruturada de maneira lóxica o que facilita a súa recuperación.

No cadro de abaixo queda constancia do número de consultas efectuadas na intranet aos recursos e servizos da Biblioteca e das consultas do catálogo OPAC.

Consultas 2009

Consultas no OPAC	Consultas na INTRANET				
	Información Xeral	Alertas Bialnet	E-Biblioteca	Taboleiro	Total
944	3.197	1.569	2.862	3.587	12.159

No relativo á documentación de Arquivo, a nosa Sección desempeña as funcións propias dun arquivo central, realizando tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución.

Durante o ano 2009, no Arquivo entraron 270 unidades de instalación transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización. Realizouse a reinstalación e a descrición da documentación de 607 unidades de instalación, que formaban parte de transferencias realizadas desde as oficinas entre os anos 2003 e 2009. Por outra parte atendéronse solicitudes de consulta e préstamo de documentación realizadas desde os arquivos de xestión, servíndose un total de 75 unidades documentais. Os datos quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

Unidades de instalación ingresadas, descritas e prestadas 2009

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	TOTAL
Ingresadas	151	--	--	--	90	29	270
Descritas	126	94	108	56	194	29	607
Prestadas	22	--	8	34	6	5	75

4.4 SERVIZO DE INFORMÁTICA

Durante o exercicio 2009 o Consello de Contas apostou por unha mellora da súa infraestrutura de rede incrementando os seus recursos e reconfigurando a súa arquitectura. O obxectivo desta mellora é poder ofrecer servizos (externos e internos) nun entorno propio seguro e de calidade, e poder prescindir de contratacións de *outsourcing* informático.

A nova arquitectura de rede complementada coa migración dos servidores a entornos virtualizados comezada no ano 2008, permite que os sistemas do Consello poidan soportar aplicacións e servizos cun alto grado de dispoñibilidade e rendemento.

Por outra banda, o Pleno adoptou o acordo polo que se regula a creación e forma de funcionamento do Rexistro electrónico do Consello de Contas de Galicia, quedando a súa entrada en vigor demorada ata a entrada en funcionamento da Plataforma de Rendición Telemática das Entidades Locais e ata a sinatura dun convenio co Tribunal de Cuentas para evitar a duplicidade na rendición de contas das corporacións locais.

4.4.1 PROXECTOS DE SUMINISTROS

1. Ampliación de equipamento e migración de servidores.

Para poder realizar o proxecto de mellora da infraestrutura de rede foi necesario adquirir:

- 2 servidores e entorno de virtualización baseado no produto de *XEN Suse Linux*
- 1 conmutador de rede.
- 2 *firewalls* en configuración de redundancia.

2. Renovación de portátiles para auditoría

Levou a cabo unha renovación de portátiles nas áreas de auditoría coa substitución por novas unidades.

3. Retirada de equipos

Coa renovación do parque informático foise acumulando ao longo dos últimos anos moito material que foi necesario tratar como residuos de compoñentes eléctricos e electrónicos, como pantallas CRT, pilas ou baterías e outros non perigosos (CPU, teclados, ratos, impresoras, fotocopiadoras).

O Consello levou a cabo un proxecto de recollida deste material de forma garantizada, incluíndo a eliminación de datos en soporte dixital de tódalas unidades de almacenamento retiradas.

4.4.2 PROXECTOS DE SISTEMAS

1. Configuración da nova arquitectura de rede

Durante a ano 2009 realizáronse diferentes actuacións para reconfigurar a arquitectura de rede (*firewalls* e *switches*) e xerar diferentes subredes, entre elas unha *DMZ*, onde ubicar servizos de cara ao exterior sen poder en perigo a seguridade dos sistemas internos.

Tamén se configuraron novos servidores baixo o entorno de virtualización *XEN*, migrando diferentes servizos internos e externos.

2. Traslado do hosting da plataforma de rendición.

A nova arquitectura de rede permitiu abordar o traslado da plataforma de rendición da conta xeral das entidades locais dende o hosting e poder aloxar este servizo no CPD do Consello de Contas.

3. Aloxamento da páxina web

No 2009 tamén se puido realizar, en fase de probas, o traslado da páxina web www.ccontagalicia.es dende o hosting e aloxala nos servidores do Consello de Contas.

4. Migración a *Windows XP*

Levou a cabo un proxecto de migración a *Windows XP* de todos os equipos de sobremesa e portátiles dos usuarios do Consello.

5. Implantación de ferramentas de administración de redes corporativas

Para a realización de tarefas de administración de rede incorporáronse nova ferramentas como:

WSUS- para as actualizacións de varias aplicacións para Windows

Nagios- para a monitorización de equipos e servizos de rede.

4.4.3 PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO

1.- Intranet corporativa do Consello de Contas

O Consello de Contas puxo en funcionamento no 2009 un portal *intranet* con contidos de interese para todo o persoal da Institución.

Este proxecto foi froito da colaboración entre o servizo de arquivo e biblioteca e o servizo de informática, dende onde se realizaron tarefas de xestión do proxecto de configuración da ferramenta de software libre *Joomla*, así como o asesoramento e formación do persoal para a edición de contidos.

O portal intranet implementouse satisfactoriamente, converténdose no punto de información e de encontro do persoal do Consello. O seu axeitado funcionamento require dunha continua actualización de contidos e dun soporte e mantemento permanente.

Entre os contidos que o servizo de informática ofrece a través do portal intranet cabe destacar:

- Repositorio documental de normas e boas prácticas.
- Recursos informáticos, accesos a aplicacións e documentación
- Proxectos de TI vixentes.
- Solicitudes e incidencias vía formularios.

2. Versión para linux da aplicación de censo de entidades locais

O Consello de Contas implementou no 2008 unha aplicación informática que desenvolve a enquisa censal e facilita ás entidades locais a remisión da información necesaria. Tras a comunicación cos concellos no proceso de remisión desta información de censo durante 2009, púxose de manifesto a necesidade de implementar a mesma aplicación para o entorno *Linux*, que é o sistema operativo que vai adquirindo maior presenza no ámbito das Administracións Públicas.

3. Publicación de datos en mapas xeográficos

Levou a cabo un proxecto de análise de información das entidades locais para a súa publicación en mapas xeográficos, facendo uso da ferramenta gratuita *GeoMedia Viewer* que permite a visualización de datos xeoespaciais.



5. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de ponencias e comunicacións, fundamentalmente no eido da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, e que permiten unha maior difusión da labor desenvolvida por este órgano.

Así, no ano 2009 celebráronse diferentes reunións da Conferencia de Presidentes de Ocex (Órganos de Control Externo de España) en Valencia e Madrid.

O 5 de marzo, os membros do Consello de Contas acudiron ao acto institucional de conmemoración do XXV Aniversario da Lei da Sindicatura de Contas de Cataluña, que transcorreu no Palacio do Parlamento, e no que se debateu, en mesa redonda, sobre os retos actuais da auditoría do sector público.

O 21 de maio tiveron lugar os actos de celebración do XX Aniversario da Audiencia de Cuentas da Comunidade Autónoma de Canarias coa asistencia dunha representación do Consello de Contas. Na Sede do Parlamento de Canarias celebrouse un acto institucional baixo o título "Cuidado de las cuentas, custodia de la honradez. La Audiencia de Cuentas de Canarias. Sus raíces. Su presente".

O 14 de outubro de 2009 celebrouse a sesión constitutiva do Comité Organizador do IV Congreso Nacional de Auditoría no Sector Público que se desenvolverá en Santiago de Compostela durante os días 25, 26 e 27 de maio. A organización do evento corresponde ao Consello de Contas e á Fundación FIASEP conxuntamente, cuxo lema será "*Hacia una nueva gestión pública*". Serán tres xornadas nas que os profesionais relacionados coa auditoría pública, procedentes das institucións de control interno e externo de toda España abordarán as novas tendencias en materia de xestión financeira dos entes públicos e os retos que isto supón para a administración en xeral. En particular, a estrutura do Congreso centrarase nos seguintes temas: A auditoría pública nun contexto de crise económica, a fiscalización da xestión sanitaria, a Administración institucional e a súa integración nos distintos niveis de sector público, o alcance e os límites da auditoría pública, as novas fórmulas de colaboración público-privada na sanidade pública, a nova xestión pública e a Administración instrumental e a auditoría da E-Administración.

Os temas tratados versaron, entre outros aspectos, sobre o novo Plan Contable e a súa repercusión na contabilidade e auditoría do sector público; a transparencia na xestión pública; a revisión de aspectos técnicos e de xestión da contratación administrativa; a mostraxe estatística; a auditoría dos servizos públicos xestionados a través de entes instrumentais e concesionarios; a auditoría operativa dos ingresos tributarios e os indicadores como ferramenta da auditoría da xestión pública.

Asemade, en Valencia, celebrouse o acto de entrega do XI Premio da Revista de Auditoría Pública, publicación periódica na que o Consello de Contas participa aportando un membro aos seus Consellos de

Dirección e de Redacción, e publicando diversos artigos relacionados coa materia por parte do persoal técnico da Institución.

O Consello de Contas, como membro de EURORAI (European Organization of Regional External Public Finance Audit Institutions), participou na súa Conferencia Internacional sobre fiscalización das prestacións sociais, celebrada os días 7 e 8 de maio de 2009 en BYDGOSZCZ (Polonia), na que presentou unha ponencia o Conselleiro Don Luciano Fariña Busto, cunha exposición do sistema español de prestacións sociais e particular referencia ao sistema galego de benestar. Asimesmo, en Barcelona, a mesma entidade organizou un seminario sobre auditoría medioambiental ao que asistiron os Conselleiros da Institución.

6. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

6.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2009

6.1.1 CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ao exercicio 2009 segundo establece a Lei 16/2008, de 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2009, publicada no Diario Oficial de Galicia o 31 de decembro, consigna créditos para gastar na Sección 02 denominada Consello de Contas por importe de 7.984.029,00 €.

O destino fundamental é financiar gastos por operacións correntes consignando para esta finalidade 7.087.356,00 €, que representan o 88,76 % dos créditos iniciais e por operacións de capital 860.612,00 € que representan o 10,78 %. Dentro do gasto corrente destaca o importe destinado a gastos de persoal por 5.547.493,80 € que representan o 69,48% do orzamento.

Os créditos iniciais foron obxecto de modificación consecuencia da aprobación de transferencias externas dando de baixa créditos por importe de 1.802.059,80 € que diminuíron o importe do orzamento no 22,63%.

Por capítulos de gasto as cifras iniciais, definitivas e porcentaxes son:

CAPÍTULOS	C. INICIAIS	% CRÉDITOS	MODIFICACIÓNS		C. DEFINITIVOS	% VARIACIÓN
		S/ ORZAMENTO	NEGATIVAS	POSITIVAS		CAPÍTULOS
I	5.547.493,00	69,48	637.036,39	0,00	4.910.456,61	-11,48
II	1.537.158,00	19,25	548.635,38	0,00	988.522,62	-35,69
IV	2.705,00	0,03	705,00	0,00	2.000,00	-26,06
VI	860.612,00	10,78	618.812,23	0,00	241.799,77	-71,90
VIII	36.061,00	0,45	1.870,80	0,00	34.190,20	-5,19
	7.984.029,00	100,00	1.807.059,80	0,00	6.176.969,20	-22,63

6.1.2 OBRIGAS E PAGAMENTOS.

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 6.145.700,74 €, o que supón a execución do 76,97 % dos créditos iniciais.

Os pagamentos realizados importaron 6.016.065,14 € que implica que o 97,89 % das obrigas recoñecidas durante o exercicio foron canceladas e que o 75,35% dos créditos iniciais foron gastados. Quedando pendente de pagamento obrigas por importe de 129.635,60 €.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores por importe de 198.169,81 € foron canceladas na súa totalidade.





CAPÍTULOS	C. INICIAIS	OBRIGAS	% OBRIGAS S/ C. INICIAIS	PAGAMENTOS	% PAGAMENTOS S/ OBRIGAS	% PAGAMENTOS S/ C. INICIAIS
I	5.547.493,00	4.910.456,61	88,52	4.815.777,85	98,07	86,81
II	1.537.158,00	957.254,16	62,27	930.176,27	97,17	60,51
IV	2.705,00	2.000,00	73,94	2.000,00	100	73,94
VI	860.612,00	241.799,77	28,1	233.920,82	96,74	27,18
VIII	36.061,00	34.190,20	94,81	34.190,20	100	94,81
	7.984.029,00	6.145.700,74	76,97	6.016.065,14	97,89	75,35

A execución por capítulos é a seguinte:

- **Capítulo I "gastos de persoal"**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
10 "ALTOS CARGOS"	414.919,00	392.058,41	94,49	6,38	392.058,41	94,49
11 "PERSOAL EVENTUAL"	283.211,00	127.542,88	45,03	2,08	127.542,88	45,03
12 "FUNCIONARIOS"	3.303.555,00	3.076.186,00	93,12	50,05	3.076.186,00	93,12
13 "LABORAIS"	281.185,00	244.350,55	86,90	3,98	244.350,55	86,90
15 "INCENTIVOS O RENDEMENTO"	369.086,00	292.755,37	79,32	4,76	292.755,37	79,32
16 "COTAS, PRES. GASTOS SOCIAIS"	895.537,00	777.563,40	86,83	12,65	682.884,64	76,25
	5.547.493,00	4.910.456,61	88,52	79,90	4.815.777,85	86,81

O gasto de persoal do exercicio é de 4.910.456,61 € o que supón que foron gastados o 88,52% dos créditos iniciais. Representando dito gasto o 79,90% do gasto total da Institución durante o exercicio, A cifra de créditos non gastados é de 637.036,39 €.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia fundamentalmente da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

- Capítulo II "gastos en bens correntes e servizos"

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
20 "ALUGUERES E CÁNONES"	68.875,00	46.594,32	67,65	0,76	42.711,46	62,01
21 "REPARACIÓN, MANT. E CONS."	277.365,00	155.277,78	55,98	2,53	150.652,57	54,32
22 "MATERIAL SUMIN. E OUTROS"	1.034.061,00	664.901,26	64,30	10,82	646.331,44	62,50
23 "INDEMNIZ. POR RAZÓN SERV."	141.380,00	83.828,80	59,29	1,36	83.828,80	59,29
27 "PUBLICACIÓNS"	15.477,00	6.652,00	42,98	0,11	6.652,00	42,98
	1.537.158,00	957.254,16	62,27	15,58	930.176,27	60,51





O gasto en bens e servizos é de 957.254,16€ o que supón que foron gastados o 62,27% dos créditos iniciais. Representando dito gasto o 15,58% do gasto total da Institución durante o exercicio. A cifra de créditos non gastados é de 579.903,84 €.

Estes remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

- **Capítulo IV “Transferencias correntes”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
49 "TRANSFER. ao EXTERIOR"	2.705,00	2.000,00	73,94	0,03	2.000,00	73,94
	2.705,00	2.000,00	73,94	0,03	2.000,00	73,94

O gasto en transferencias é de 2.000,00 € o que supón que foron gastados o 73,94% dos créditos iniciais. Representando dito gasto o 0,03% do gasto total da Institución durante o exercicio. A cifra de créditos non gastados é de 750,00 €.

O destino das transferencias e a cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do sector público (EURORAI).

- **Capítulo VI “Investimentos reais”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
62 "INV. NOVO ASOCIADO ao FUNC. OP. DOS SERVICIOS"	743.057,00	223.370,58	30,06	3,63	215.491,63	29,00
63 "INV. DE REP. ASOCIADO ao FUNC. OP. DOS SERVICIOS"	117.555,00	18.429,19	15,68	0,30	18.429,19	15,68
	860.612,00	241.799,77	28,10	3,93	233.920,82	27,18

Memoria de Actividades 2009

O gasto en investimentos reais é de 241.799,77 € supón que foron gastados o 28,10% dos créditos iniciais. Representando dito gasto o 3,93% do gasto total da Institución durante o exercicio. A cifra de créditos non gastados é de 618.812,23 €.

Os remanentes deste capítulo, ademais das razóns expostas para o capítulo II, explícanse pola non execución da totalidade dos proxectos.

- **Capítulo VIII “Activos financeiros”**

ARTIGOS	C. INICIAIS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	% OBRIGAS S/ C. I.	% OBRIGAS S/ TOTAL GASTO	PAGAMENTOS REALIZADOS	% PAGAMENTOS S/ C.I.
83 "CONCESIÓN PRÉSTAMOS PARA O SECTOR PÚBLICO"	36.061,00	34.190,20	94,81	0,56	34.190,20	94,81
	36.061,00	34.190,20	94,81	0,56	34.190,20	94,81

O gasto na concesión de anticipos de nómina é de 34.190,20€ o que supón que foron gastados o 94,81% dos créditos iniciais. Representando dito gasto o 0,56 % do gasto total da Institución durante o exercicio. A cifra de crédito non gastados é de 1.870,80€.

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto está en función das peticións formuladas.

6.2 EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EXERCICIO 2009

6.2.1 PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN


Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

CAPITULOS	PREVISIÓNS INICIAIS	DEREITOS RECOÑECIDOS	RECADACIÓN	PENDENTES DE COBRO
3 "TAXAS PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS"	0,00	2.363,27	2.363,27	0,00
4 "TRANSFERENCIAS CORRESTES"	7.087.396,00	5.852.970,96	5.731.214,31	121.756,65
5 "INGRESOS PATRIMONIAIS"	0,00	14.376,54	14.376,54	0,00
6 "ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS"	0,00	560,00	560,00	0,00
7 "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL"	860.612,00	241.239,77	233.360,82	7.878,95
8 "ACTIVOS FINANCIEROS"	36.061,00	34.190,20	12.552,14	21.638,06
	7.984.029,00	6.145.700,74	5.994.427,08	151.273,66

A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

CAPITULOS	SALDO INICIAL DEREITOS	RECADACIÓN	PENDENTES DE COBRO
4 "TRANSFERENCIAS CORRENTES"	93.642,69	93.642,69	0,00
5 "INGRESOS PATRIMONIAIS"	133,44	133,44	0,00
7 "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL"	104.527,12	104.527,12	0,00
8 "ACTIVOS FINANCIEROS"	16.544,98	16.544,98	0,00
	214.848,23	214.848,23	0,00







BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727